



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) continuamos informando sobre as novidades de [Horizon 2020](#), adicando un último boletín ás [grandes iniciativas](#) que se desenvolven no marco deste Programa.

Xa comentamos como as políticas de I+D da Comisión Europea foron complementándose con outros programas e iniciativas xurdidas ao longo do FP7 e que continúan en Horizon 2020. Estas grandes iniciativas son: as [Asociacións Público Privadas \(PPP\)](#), as [Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas \(JTI\)](#), as [Iniciativas de Programación Conxunta \(JPI\)](#), as [Asociacións Europeas para a Innovación \(EIP\)](#), as [iniciativas baixo o artigo 185 do Tratado](#) e as [ERA-NETS](#).

As ERA-NETS son redes europeas, co-financiadas polo Programa Marco, onde participan organismos nacionais e rexionais de I+D+i que se unen a nivel europeo para coordinar os seus programas. Como resultado desta coordinación, as ERA-NET publican convocatorias conxuntas transnacionais para proxectos de investigación colaborativos.

As accións ERA-NET xurdiron no FP6, tendo continuidade no FP7 co reforzo das redes de investigación xa existentes, a creación doutras novas e a aparición das accións ERA-NET Plus. Horizon 2020 introduce unha nova forma de financiar estas redes mediante a ferramenta [ERA-NET Cofund](#), que integra tanto as ERA-NETS como as ERA-NET Plus nun único instrumento, que ten como elemento central a execución dunha convocatoria da ERA-NET con financiamento da CE.

España participa actualmente en varias ERA-NETS, entre as que se atopan, a modo de exemplo, as seguintes:

- [ANIHWA](#) (Saúde e benestar animal). Socio español: INIA.
- [BESTF2](#) (Bioenerxía). Socio español: CDTI.
- [ERA-MIN](#) (Materias primas non-enerxéticas para a Industria Europea). Socio español: CDTI.
- [ERA-NET LAC](#) (Cooperación con América Latina e Caribe). Socios españois: MINECO e FECYT – CYTED.
- [ERASynBio](#) (Biología sintética). Socio español: MINECO.
- [EuroNanoMed2](#) (Nanomedicina). Socio español: ISCIII.
- [Infravation](#) (Infraestruturas de transporte). Socio español: CDTI.
- [NEURON II](#) (Investigación en neurociencias). Socios españois: MINECO e ISCIII.
- [SOLAR ERANET](#) (Tecnoloxías solares). Socio español: CIEMAT.
- [SUMFOREST](#) (Investigación forestal sostenible). Socio español: INIA

Máis información: [Netwatch Spain](#)

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!